



Patricia Barbosa, onte na sala de exposicións da Deputación. XESÚS PONTE

«O meu pai nunca me falou de que estivera na guerra en Mozambique»

► A lusa Patricia Barbosa expón en Lugo as imaxes de 'Proff', premio Galicia de Fotografía

JAUREGUIZAR
✉ sjareguizar@elprogreso.es

LUGO. Patricia Barbosa vive emocións a través das fotografías. Vén de gañar o premio Galicia de Fotografía Contemporánea coa serie 'Proff' cunhas imaxes que son consecuencia da inquietude que lle provocou que o seu pai participase na Guerra Colonial portuguesa, o proceso de independentismo das posesións fóra da Península que

acompañou o declive da ditadura de Salazar entre 1961 e 1974.

A artista atopou na casa de Braga un álbum de lembranzas nas que descubriu un home distinto ao seu pai, pero que tamén era o pai. Era novo e soldado. Estaba en sitios solleiros, rodeados de exotismo. «O meu pai nunca me falou de que estivera na guerra en Mozambique», lamenta.

A partir dese espanto e desa

revelación empezou a reconstruír esa experiencia, ampliando o foco a outros exmilitares de Braga, Porto e Melgaço. Entrevistouse con varios, fotografounos, conseguiu mapas, aerogramas e recortes de prensa para acabar por asumir que o tema era un cadáver sobre o que ninguén quería falar.

O comisario da mostra que se abriu onte na Deputación de Lugo, Vitor Nieves, indica que as «montañas» de corpos de negros mortos en África pasaron por ser en Portugal «unhas vacacións nun país exótico duns mozos que tomaban cervexa». Detalla Barbosa que «as fotografías que mandan a Portugal para as nais e as namoradas son fotonovelas feitas nun escenario de guerra» que nunca trasloce. As imaxes «son moi performativas, amosan brindis, baños na praia, amigos indíxenas e crianzas negras».

Patricia Barbosa retratou a eses homes corenta anos máis tarde para o certame que organizan a Conselleira de Cultura e a Área provincial de Cultura. Aceptaron posar, pero non falar.

Tatiana Tibuleac e Luis Landero gañan ex aequo o premio Casino de Santiago

EFE

SANTIAGO. O xurado do XV Premio Novela Europea Casino de Santiago anunciou onte os gañadores desta última convocatoria, que por primeira vez distinguirá a dúas obras: 'El verano que mi madre tuvo los ojos verdes', da escritora romanesa Tatiana Tibuleac, e 'Lluvia fina', do autor español Luis Landero.

O xurado destacou tanto a orixinalidade da ópera prima de Tibuleac como a forza narrativa coa que rompe estereotipos acerca da figura das nais na literatura.

Así mesmo, sobre o traballo de Luis Landero valoraron que escribe moi ben nunha novela con certo aire nostálgico e romántico onde brilla especialmente a construción de personaxes.

O presidente da asociación cultural Casino de Santiago, Ubaldo Rueda, agradeceu que nun momento moi difícil como o actual a xente achegouse a votar igualmente e asegurou que se houberse normalidade o número de votos sería bastante superior.

Ambas as novelas acapararon, respectivamente, o 34,7% e o 35,7% do total dos emitidos. A pesar da proximidade entre ambos, os dous títulos vencedores si marcaron distancia co resto de finalistas, dado que o máis inmediato perseguidor foi o libro escrito polo autor galego Pedro Feijóo, 'Un lume azul', receptor do 16,6% dos votos.

Mentres tanto, 'Conquistar el cielo', de Paolo Giordano, e, en última posición, aparece '14 de julio', de Eric Vuillard.

A quinta esposa de Manzanero e unha filla levan as cinzas do autor á súa vila natal

EFE

MÉRIDA. As cinzas do cantautor mexicano Armando Manzanero, quen faleceu o luns nun hospital de Ciudad de México por complicacións co covid, chegaron á cidade de Mérida, capital do estado de Yucatán, no sueste do país.

Os restos de Manzanero, quen o pasado 7 de decembro cumprira 85 anos, arribaron ao aeroporto internacional Mérida, a súa cidade natal, onde será velado nunha das súas casas.

Foron a súa filla, María Elena Manzanero Arjona, e a súa quinta esposa Laura Elena Villa, quen chegou coas cinzas do compositor cuxa obra deu renome a México polo mundo.

A urna estaba protexida cun bolso e ambas as mulleres saíron por unha porta especial para evitar a reporteiros e medios que esperaron algunhas horas para a súa chegada.

«O meu esposo non quería homenaxes (...) estamos moi doídos», dixo a súa viúva Laura Elena Villa un horas antes e sinalou que o velorio das cinzas sería un acto «moi privado».

A Sociedade de Autores e Compositores de México, organización que presidiu Manzanero, convocou aos mexicanos para cantar a canción 'Esta tarde vi llover' desde as xanelas e balcóns, e anunciou que «non levaría a cabo ningún acto funerario presencial».

Manzanero era un ídolo en Iberoamérica, un dos reis da canción romántica, e compuxo algunhas das máis soadas cancións e melodías de todos os tempos.

Ons

LA ISLA DE Ons tiene 64 habitantes y un invierno larguísimo. Las constantes borrascas que entran por el Atlántico interrumpen la comunicación por barco con el continente durante meses, y la necesidad de ahorro energético obliga a cortes del suministro desde las doce de la noche hasta las once de la mañana siguiente. Una pareja en reconstrucción busca su refugio monacal. Él (Antonio Durán 'Morris'), para recuperarse de un accidente y una depresión. Ella (Melania Cruz), para terminar una traducción de Píkonis, el arquitecto griego que entendía el paisaje como una fusión entre la

EL OJO PÚBLICO



POR
GRIAL PARGA

naturaleza del entorno y la psicología de sus habitantes.

Alfonso Zarauza, con guión compartido con Jaione Camborda, integran a la isla como un personaje más que transforma el recorrido emocional de sus protagonistas. 'Ons' es un thriller psicológico en el que la fotografía de Alberte Branco crea una atmósfera asfixiante e inmersiva, y donde la atracción que la isla produce para



sus habitantes se traslada a los nuevos vecinos. La farera lo hace explícito: «Non só vivo no faro, tamén vivo para el».

Zarauza dirige su película más

compleja e inabarcable. Sus referencias a Píkonis se trazan con esa Ítaca que busca el protagonista como viaje emocional representado en nuestra Ons, sirenas me-

dante. Todo adaptado a la psicogeografía de una isla gallega, con sus habitantes celosos de las normas y costumbres foráneas, y en permanente estado de resistencia frente a lo externo.

Aunque el inicio y el final son espejos, con la llegada y la salida de la isla de la pareja protagonista, 'Ons' no es una película cerrada. El fuera de campo —donde transcurren los sonidos, las luces y las sombras— invita a expandir las motivaciones de unos personajes que disfrutan de la soledad y el aislamiento. La idea de Zarauza y Camborda está reflejada desde el inicio, con el sonido cíclico de un faro en movimiento. Lo que ocurre en la oscuridad debe completarlo el espectador poniendo atención los escasos instantes de luz.